


PEZA DO MES

febreiro

2026



CABEZA ANTROPOMORFA DE ARMEA



IMAXE DA CABEZA TRAS O ACHADO NO ANO 2021/ LOCALIZACIÓN DO ACHADO DENTRO DO XACEMENTO.

Cabeza antropomorfa de Armea

Datación: inicios s. I d. C.

Soporte: granito

Medidas: 18,5 x 14,3 x 36,5 cm

Cidbá de Armea, Allariz, Ourense

Núm. inv: DX1444/58

A peza que presentamos consiste nunha cabeza antropomorfa tallada en pedra granítica, que incrementa a colección da denominada como «plástica castrexa» procedente do xacemento galaico-romano da Cidbá de Armea, situado en Santa Mariña de Augas Santas (Allariz, Ourense). Este enclave arqueolóxico proporcionou un conxunto material de extraordinaria riqueza, dentro do cal destaca especialmente a escultura da Idade do Ferro, representada por unha ampla variedade de elementos tallados en pedra. Entre eles identificáronse motivos decorativos como rosetas, tríscelos e hexásqueles cun vástago que permite a súa inserción nos paramentos, así como esculturas figurativas –torsos de guerreiro e cabezas antropomorfas–, elementos funcionais como amarradoiros e numerosas pezas vinculadas á arquitectura, entre as que sobresaen pináculos, frisos, cornixas, fustes e bases de columnas.

A cabeza obxecto de estudo procede dun nivel de derruba correspondente á primeira fase construtiva

da unidade de rexistro 16B, un espazo adxacente á coñecida como Domus norte ou do Hexasquel, no que se puideron documentar as fases de habitación preflavias da área. Foi recuperada durante a campaña de escavación de 2021, nun contexto estratigráfico asociado ao abandono da primeira ocupación de Armea, que queda amortizada polas construcións domésticas de época Flavia. Os materiais asociados a estes niveis remítennos aos inicios do s. I d. C.

Desde o punto de vista formal, a peza está esculpida nun único bloque de granito de aproximadamente 36,5 cm de lonxitude por 18,5 cm de altura e presenta unha morfoloxía rectangular irregular. O tratamento do rostro é marcadamente esquemático e plano, cun nariz prominente que se proxecta desde a fronte, flanqueada por dúas fendas que parecen suxerir unhas cellas incisas. O ollo esquerdo aparece claramente representado mediante un motivo circular, mentres que o dereito apenas resulta perceptible, posiblemente debido ao desgaste ou a unha execución incompleta. Non se conserva evidencia da presenza da boca, aínda que esta ausencia podería deberse ao estado fragmentario da peza, especialmente na súa parte posterior, que se atopa rota. Ademais dos trazos faciais principais –nariz e ollos–, obsérvase unha liña ondulada incisa que podería interpretarse como unha representación esquemática do cabelo. Non se identificaron orellas, o que reforza o carácter sintético da escultura.

Neste sentido, resulta pertinente establecer unha comparación coas cabezas achadas e documentadas por F. Conde-Valvís, reutilizadas como parte do muro dunha construción da aldea de Armea, que parecen representar dous individuos defuntos. Estas pezas amosan un maior grao de definición anatómica e expresiva, caracterizándose por uns ollos avultados e lixeiramente pechados e unha boca entreaberta, trazos que confiren aos rostros unha aparencia de solemnidade e calma, que podería aludir a unha representación funeraria. Fronte a estas, a cabeza aquí analizada diferénciase claramente pola súa maior esquematización formal e pola ausencia de calquera indicio de expresión emocional, o que podería responder tanto a unha intencionalidade simbólica distinta como a unha función específica dentro do conxunto arquitectónico ao que estivo asociada.

Do mesmo xeito que ocorre con outros elementos pétreos achados en Armea e documentados previamente por F. Conde-Valvís, como as rosetas ou os trísceles, esta peza podería ter sido concibida para a súa colocación nun paramento pétreo. Non obstante, a presenza dunha fenda notable na parte inferior suscita interrogantes sobre o seu sistema de suxeición e, por extensión, sobre a súa funcionalidade orixinal, suxerindo a posibilidade de que se trate dun elemento cun uso ou disposición diferente ao estritamente protector ou decorativo. A presenza desta fenda suxire un uso funcional, como de amarre, elementos moi habituais neste tipo de asentamentos, aínda que cunha tipoloxía diferente e decoracións máis sinxelas, como trenzados ou zoomorfos.

As representacións de cabezas antropomorfas gravadas en pedra, coñecidas no ámbito galo como *têtes coupées*, constitúen unha das manifestacións máis singulares da plástica dos pobos prerromanos en diversos territorios europeos. Este tipo de iconografía documéntase amplamente en rexións como a península ibérica, Francia ou Italia, contando tamén con exemplos significativos no territorio da antiga *Gallaecia*. As manifestacións máis antigas documentadas na *Gallia* meridional remóntanse aos s. VII-VI a. C. ata os séculos III-II a. C., mentres que nese mesmo territorio estas manifestacións concéntranse a finais da Idade do Ferro. Exemplos tardíos, como os de Armea ou os de San Cibrao de Las, datados no cambio de era, amosan a continuidade destas tradicións escultóricas en contextos xa romanizados, que evidencian a pervivencia dun repertorio iconográfico propio dunha época anterior.

Arredor destes elementos formuláronse diversas hipóteses relativas tanto á súa localización dentro

dos espazos habitados como ao seu significado social e simbólico. A teoría máis aceptada vincula estas representacións co denominado culto á cabeza – *Schädelkult* –, segundo o cal a cabeza era concibida como a sede da alma, da forza vital e do poder do individuo. Desde esta perspectiva, a representación escultórica de cabezas humanas tería un marcado carácter ritual e simbólico, máis alá do seu posible valor decorativo. Asociada a esta concepción atópase a hipótese das cabezas-trofeo vinculadas a prácticas rituais, representacións funerarias ou imaxes destinadas á exaltación de devanceiros heroicos, actuando como elementos de memoria colectiva e cohesión social. Neste contexto, a súa integración na arquitectura doméstica reforzaría a súa función simbólica como protectores da liñaxe ou do grupo. Esta función relaciónase estreitamente cunha lectura apotropaica, segundo a cal as cabezas actuarían como elementos protectores do espazo, especialmente nos accesos aos asentamentos ou en estancias significativas.

A esta diversidade interpretativa súmase a variedade tipolóxica das pezas, que poden presentarse como esculturas de vulto redondo ou en baixorrelievo, con trazos naturalistas ou profundamente esquematizados, así como con diferentes solucións morfolóxicas, xa sexa mediante sistemas de encaixe en muros ou como elementos exentos. Cómpre salientar, ademais, que unha parte significativa destas cabezas foi localizada na primeira metade do século XX, en contextos secundarios ou reutilizadas en construcións posteriores, o que contribuíu a dificultar a súa correcta contextualización arqueolóxica e cronolóxica.

Neste marco interpretativo, a cabeza da Cidbá de Armea pode entenderse como parte dun sistema simbólico complexo, no que conflúen relixiosidade, identidade comunitaria e arquitectura, reflectindo a pervivencia de crenzas indíxenas nun contorno xa romanizado. O seu estudo, contextualizado dentro do conxunto escultórico do xacemento, contribúe a afondar no coñecemento das prácticas simbólicas e sociais das comunidades castrexas do noroeste peninsular. A reutilización destes elementos da Idade do Ferro –incluíndo as rosetas e os trísceles, que si se documentaron nas derrubas dos muros das casas construídas en época Flavia– resulta significativa, pois parece que a poboación que habitou a cidade a partir do s. I d. C. os identifica e conserva como parte da súa identidade, aínda que non sabemos se co mesmo significado que poderían ter tido na Idade do Ferro.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓGICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense

TEXTO: Nerea Ruanova Álvarez, Alba. A. Rodríguez Nóvoa, Patricia Valle Abad, Adolfo Fernández Fernández

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

ISSN: 1579-9956